



Toma nota, para maio de 2015...


Os colectivos A Xuntanza, Verdegaiia e Amarante Setem, que vimos de organizar durante varios anos consecutivos o ciclo de cinema documental "Coñecer para cambiar", decidimos xa no ano pasado reorientar a nosa programación cara un novo formato onde queremos pór o foco na participación cidadá.

Xurdiu así o "**RevoltAllo audiovisual**", que non é un típico ciclo de cinema documental, senón un espazo para o encontro do audiovisual cun público que deixa de ser suxeito pasivo para seren tamén partícipe activo e mesmo creador do seu propio discurso.

Desta volta enfocamos o noso esforzo na formación, dirixida a persoas e colectivos que dalgún modo teñen relación co activismo social, cultural e/ou ambiental. Para iso contamos coas compañeiras da Illa Bufarda, que achegarán cun obradoiro práctico as ferramentas básicas para a elaboración de materiais audiovisuais que poidan dar apoio a ese activismo.

A seguir deixamos toda a información precisa.

Agardámoste, agardámosvos....



# VIDEOREBELDÍA: Obradoiro de videocreación crítica.

- nº de horas formación audiovisual con Illa Bufarda: 9 horas.
- nº de horas de traballo autónomo / gravación e finalizar a edición: 4 horas.
- máximo de participantes: mínimo 10 - máximo 20

## OBXECTIVOS

- ✓ Coñecer e comunicar coa linguaxe audiovisual as nosas inquietudes con crítica social.
- ✓ Coñecer xeitos e formas de comunicar para que a nosa mensaxe chegue á maior número de persoas (orixinalidade, aproveitamento de novos formatos, creatividade...).
- ✓ Experimentar o proceso creativo completo (dende a idea á posprodución).
- ✓ Coñecer todos os documentos precisos nunha rodaxe (guión, story board, plano de produción e parte de cámara).
- ✓ Traballo en grupo e coñecemento dos roles no traballo audiovisual tanto técnicos - detrás da cámara: dirección, dirección de arte, iluminación, son, produción, cámara, axudante de cámara, claquetista, script...- como artísticos - diante da cámara: reparto actoral.
- ✓ Coñecer a edición a través da montaxe do material gravado.

## REQUISITOS TÉCNICOS E ECONÓMICOS PARA PARTICIPANTES

- Ter un mínimo de 5 cámaras entre tod@s.
- Ter un mínimo de 5 computadores entre tod@s.
- Custe de inscrición de 50 euros por persoa (a pagar na primeira sesión).
- Ganas de comunicar e rebelarse!

NOTA: Os grupos de traballo serán dun máximo de 5 persoas. A configuracións dos mesmos farase en función do reparto de recursos. Isto é, se unha persoa non ten cámara pasará a formar parte do grupo.

## CALENDARIZACIÓN\*

Sesión 1ª	Sesión 2ª	Sesión 3ª
11 de maio 19.00 - 22.00h	18 de maio 19.00 - 22.00h	25 de maio 19.00 - 22.00h
Nocións básicas da linguaxe audiovisual + idea	Guión e preprodución	Edición**

\*O local onde desenvolveremos as sesións será comunicado coa suficiente antelación ás persoas inscritas.

\*\*O proceso de gravación e o remate da edición realizarase de xeito autónomo pol@s participantes (a gravación entre a sesión 2-3 e o remate da edición despois da última sesión -realizando asistencia online para posibles dúbidas).

## MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Para consultar a información:

<http://www.axuntanza.org/>  
<http://www.amarantesetem.org/>  
<http://www.verdegaia.org/>

Para solicitar máis información, correo: [revoltallo2014@gmail.com](mailto:revoltallo2014@gmail.com) Tlf.: 619241653 (Sonia)

Para inscricións, facelas na seguinte ligazón, a ser posible antes do 30 deste mes, pero non pecharemos o grupo até telo completo. As prazas adjudicaranse por orde de chegada das solicitudes.

[https://docs.google.com/forms/d/1ki3NLbk0NMLhtY8d\\_ZYf-LldogF8Z0jCtQTdBxS-iKg/viewform?c=0&w=1](https://docs.google.com/forms/d/1ki3NLbk0NMLhtY8d_ZYf-LldogF8Z0jCtQTdBxS-iKg/viewform?c=0&w=1)